

ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DO PROFESORADO AO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA

De acordo coa RESOLUCIÓN do 20 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 29/09), a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DO PROFESORADO**, segundo as seguintes normas:

1. Conforme o establecido no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado segundo ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **5 profesores/profesoras**, dun total de 7 que debe ter o Consello Escolar. Os outros representantes do profesorado continúan como consecuencia da súa elección anterior no ano 2018.

2.- O censo electoral do profesorado está exposto a partir da data no taboleiro de anuncios da sala de profesorado do Centro.

3.- As candidaturas correspondentes poderanse presentar a partir do día da data ata as 14:00 horas do día 12 de novembro, segundo o modelo que se facilitará na secretaría do centro e presentáranse na devandita secretaría.

4.- A mesa electoral estará formada polo director do centro, que actuará como presidente, e os membros do profesorado de maior e menor idade, actuando este último de secretario.

5.- Cada profesor/a fará constar na papeleta das eleccións un máximo de **4** da lista de candidatos/as.


6.- O voto será directo, secreto e non delegado.

7.- Para dar cumprimento o artigo 35 do referido Decreto 92/1988, do 28 de abril, que establece que en reunión de claustro se proceda a dar lectura das normas legais relativas o procedemento da elección de representantes do profesorado no Consello Escolar, así coma tamén a fixación, en dita reunión, da data de celebración do Claustro extraordinario para a elección dos mesmos, convocase Claustro de Profesores/as, a tales efectos, para o día **24 de novembro, ás 11:30 horas**.

8.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Ribeira, 3 de novembro de 2021

O DIRECTOR DO CENTRO E
PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL


Asdo.: José Manuel Santiago

